



Teaching Guide				
Identifying Data				2017/18
Subject (*)	Teaching on the Human Body and Healthy Living	Code	652G01032	
Study programme	Grao en Educación Infantil			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Third	Optativa	4.5
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Pedagogía e Didáctica			
Coordinador	Fuentes Silveira, María Jesús	E-mail	m.j.fuentes@udc.es	
Lecturers	Fuentes Silveira, María Jesús	E-mail	m.j.fuentes@udc.es	
Web				
General description	<p>Con esta materia preténdese abordar a estreita relación entre a saúde e o coñecemento científico. Trátase de coñecer os contidos básicos de carácter científico sobre o corpo humano e a saúde, identificando os factores que inflúen na súa mellora ou deterioro. Ademais, os coñecementos científicos achegaran argumentos para coñecer a responsabilidade individual e colectiva na adopción de hábitos de vida saudábeis, e para mellorar a toma de decisións sobre temas relativos ao noso corpo e ao medio no que nos desenvolvemos.</p> <p>Tamén abordaremos o papel que debe xogar a escola no desenvolvemento deses hábitos saudábeis e na xeración de actitudes positivas cara a súa inclusión na Educación Infantil, valorando a importancia deste tema na formación integral dos escolares.</p> <p>Finalmente pularase pola reflexión e o debate sobre as ideas, crenzas, hábitos e conductas relativas á saúde, tanto a nivel persoal como comunitario, para así consolidar e comprender a base científica das máis saudábeis e rexeitar as que inflúen negativamente na saúde. Desenvolveremos actividades basadas no traballo autónomo e en equipo, co obxectivo de potenciar os procesos de metacognición, a aprendizaxe entre iguais e o traballo cooperativo.</p>			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A15	Coñecer os principios básicos dun desenvolvemento e comportamento saudables.
A18	Detectar carencias afectivas, alimenticias e de benestar que perturben o desenvolvemento físico e psíquico adecuado dos estudantes.
A32	Valorar a relación persoal con cada estudante e a súa familia como factor de calidade da educación.
A33	Coñecer os fundamentos científicos, matemáticos e tecnolóxicos do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
A36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.
A38	Coñecer os momentos máis sobresaíntes da historia das ciencias e as técnicas e a súa transcendencia.
A39	Elaborar propostas didácticas en relación coa interacción ciencia, técnica, sociedade e desenvolvemento sustentable.
A40	Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados.
A41	Fomentar experiencias de iniciación ás tecnoloxías da información e a comunicación.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.



B13	Capacidade para actuar de maneira sustentable na defensa do medio ambiente.
B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
B18	Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.
B25	Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Coñecer e valorar a evolución científica e tecnolóxica no coñecemento do funcionamento do corpo humano e o estudo da saúde	A15 A33 A36 A38	B1 B2 B5 B12 B16 B18	C1 C3 C4
Ser capaz de coñecer as bases científicas que explican os comportamentos saudábeis, potenciando nos estudantes unha actitude crítica e responsábel fronte a hábitos non saudábeis.	A15 A18 A32 A40	B2 B3 B5 B6 B13 B18	C1 C4
Coñecer e valorar os factores persoais e socio-ambientais que inflúen na saúde do ser humano, comprendendo a relación entre a nosa especie e o medio no que habita, e a importancia das decisións tomadas sobre nós mesmos e o noso ambiente.	A15 A18 A32 A39 A40	B2 B5 B12 B18	C3 C4 C8
Elaborar propostas didácticas que promovan o coñecemento sobre a saúde e o desenvolvemento de hábitos saudábeis, empregando unha metodoloxía científica.	A15 A18 A36 A39 A41	B2 B10 B11 B12 B17 B25	C1 C3 C4 C6

Contents	
Topic	Sub-topic
-O corpo humano: unha perspectiva sistémica	- Niveis de organización. - Estrutura e funcionamento de forma integrada do corpo humano.
- O ser humano e a saúde. factores persoais, ambientais e sociais que inflúen na saúde	- Concepto de saúde. - Determinantes da saúde: Bioloxía humana, Medio socioambiental, Estilos de vida e Sistema sanitario



- Educación para a saúde	- Estilos de vida saudábeis e non saudábeis. Hixiene e saúde. Alimentación e saúde. Medio ambiente e saúde. O consumo sostible e a saúde.
- Deseño de estratexias e actividades para promover a saúde na aula	- A Educación para a Saúde no currículo - Modelos, estratexias, tipos de actividades, recursos e avaliación na Educación para a Saúde - Exemplos de análises científicos e didácticos de núcleos temáticos

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Oral presentation	A33 A36 B17 C1	3	10	13
Workbook	A18	2	4	6
Collaborative learning	B1 B3 B5 B6 B18 C4	3	6	9
Supervised projects	A18 A32 A39 A40 A41 B2 B5 B10 B11 B12 B13 B16 B18 B25 C3 C4 C6	5	30	35
Mixed objective/subjective test	A15	2	30	32
Guest lecture / keynote speech	A15 A32 A33 A36 A38 C8	16	0	16
Personalized attention		1.5	0	1.5

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Oral presentation	Exposición oral da proposta didáctica e/ou dos traballos tutelados realizados individualmente o/en grupo.
Workbook	Lecturas obrigadas e/ou voluntarias de libros e artigos
Collaborative learning	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe orientados de forma presencial con soporte de tecnoloxías da información e da comunicación, baseados na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe colaborar na do resto de membros do grupo.
Supervised projects	Metodoloxía que pretende promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes a nivel individual, e tamén de forma grupal baixo a tutela do profesor, en escenarios variados.
Mixed objective/subjective test	Proba escrita que integra preguntas sobre os contidos da materia
Guest lecture / keynote speech	Exposición oral con apoio de material audiovisual e enunciando cuestións que promovan a participación do alumnado e faciliten a aprendizaxe

Personalized attention	
Methodologies	Description
Oral presentation Supervised projects	Asistencia a titorías para explicar o traballo a realizar, orientar sobre a documentación e bibliografía e coñecer as pautas para a súa exposición oral. Asistencia a titorías para guiar os traballos tutelados e realizar as correccións pertinentes.

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification



Collaborative learning	B1 B3 B5 B6 B18 C4	Valorarase a participación nas tarefas realizadas na aula e a elaboración de material que trate a análise e interpretación das situacións obxecto de estudo. Ademais tamén se valorará a asistencia, o interese, o razoamento, a actitude positiva... A súa realización é obrigatoria e para superala cómpre chegar ao 50% da calificación indicada.	10
Oral presentation	A33 A36 B17 C1	Valorarase a exposición oral realizada con axuda das TIC da proposta didáctica e/ou traballos titulados elaborados. Ademais, tamén se valorará a claridade na exposición, linguaxe correcta, dominio da materia? A súa realización é obrigatoria e para superala cómpre acadar o 50% da calificación indicada.	10
Mixed objective/subjective test	A15	Valoraranse os resultados obtidos nunha proba escrita sobre o marco teórico da asignatura. A súa realización é obrigatoria e para superala cómpre acadar o 50% da calificación indicada.	40
Supervised projects	A18 A32 A39 A40 A41 B2 B5 B10 B11 B12 B13 B16 B18 B25 C3 C4 C6	Valorarase a adquisición de habilidades e destrezas asociadas a este tipo de metodoloxía que pretende promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes a nivel individual. A súa realización é obrigatoria e para superala cómpre acadar o 50% da calificación indicada.	40
Others			

Assessment comments

NORMAS XERAIS DA AVALIACIÓN

-Sesións expositivas, interactivas e actividades prácticas de

campo/laboratorio: a asistencia ao 90% a estas actividades é obrigatoria. Corresponde ao 10% da nota final. Se non cumpre a asistencia do 90% será considerado alumnado non presencial.

-Traballos tutelados. Serán avaliados os traballos presentados nas

datas fixadas ao longo do curso. A nota neste apartado será a media ponderada,

no seu caso, das cualificacións obtidas en cada un deles. Corresponde ao 50% da nota final. A súa realización é obrigatoria e para superala cómpre acadar o 50% da calificación indicada.

-Proba escrita individual dos resultados da

aprendizaxe. Corresponde ao 40% da nota final. A súa realización é obrigatoria e para superala cómpre acadar o 50% da calificación indicada.

A profesora, en función da ratio, perfil do alumnado e outras circunstancias que considere, poderá decidir a posibilidade de non realizar a proba escrita. Nese caso a ponderación será a seguinte:

-Asistencia ao 90% das sesións expositivas e interactivas (20% da nota).

-Realización de traballos tutelados (60% da nota)

-Presentación da proposta didáctica (20% da nota).

Alumnado non presencial

O alumnado que non cumpra os requisitos de asistencia anteriormente citados ou por diversas circunstancias non poida asistir regularmente as sesións da materia a avaliación será o resultado das cualificacións

obtidas nos seguintes apartados:

-Os traballos tutelados, baixo a supervisión da profesora nas titorías que se consideren oportunas (50% da nota)

-A proba mixta (exame) sobre o marco teórico da asignatura (50% da nota).

A realización deste dous aspectos (traballos e exame) é obrigatoria e para superalos cómpre acadar o 50% da calificación indicada en cada un.

A avaliación para a segunda oportunidade (xullo) será exactamente a mesma na que aparece nas indicacións do alumnado non presencial (traballos tutelados 50% e proba escrita 50%)

Sources of information



<p>Basic</p>	<p>- () . .</p> <p>Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición (AESAN) (2010). La alimentación de tus niños y niñas. Nutrición saludable de la infancia a la adolescencia. Madrid, Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad. Banet, E. (2008). Obstáculos y alternativas para que los estudiantes de secundaria comprendan los procesos de nutrición humana. Alambique, nº 58, pp. 34-55. Banet, E. (2001). Los procesos de nutrición humana. Madrid, Síntesis. Barberá, O.; Sendra, C. (2011). "La Biología y el mundo del siglo XXI" en Cañal, P. (coord.). Biología y Geología. Complementos de formación disciplinar. Barcelona, Graó. Cañal, P. (2008). El cuerpo humano: una perspectiva sistémica. Alambique, nº 58, pp. 8-22. Colección material didáctico: La alimentación. (1992). Xunta de Galicia. Ministerio de Sanidad y Consumo. Instituto Nacional del Consumo. Colección material didáctico: El ocio. (1992). Xunta de Galicia. Ministerio de Sanidad y Consumo. Instituto Nacional del Consumo. Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Consumo. (1989). Cuadernos de consumo. Nutrición e Consumo. (1989). Xunta de Galicia. Cubero, J.; Cañada, F.; Costillo, E.; Calderón, M.A.; Ruiz, C. (2012). Análisis de concepciones alternativas, en libros de texto para los conceptos de Aparato y Sistema en Anatomía y Fisiología. I Simposio Internacional de Enseñanza de las Ciencias (I SIEC2012), Vigo, 11-16 de xuño de 2012. http://www.simposio.ziblec.com/Curtis, H. y Barnes, N.S. (1993). Invitación a la Biología. Médica Panamérica. Madrid Currículo de educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia. D.O.G., 23 de junio de 2009 Foucault, M. 1999 El nacimiento de la clínica. Siglo XXI. Madrid. García-Camba, E. (2001). Avances en trastornos de la conducta alimentaria. Anorexia nerviosa, bulimia nerviosa, obesidad. Masson. Barcelona. Grande Covián, F (1988). Nutrición y Salud. Temas de hoy. Madrid. Ituarte, M^a Angeles. (2006). Hablemos de sexualidad con los niños. Eduforma. Sevilla. Martínez Segura, M. J. (1997). Módulo ALSACON (Alimentación, Salud y Consumo): fundamentación, planificación, aplicación y evaluación con alumnos de Educación Secundaria Obligatoria. Murcia, Universidad de Murcia. Mellado, V. (2011) "Formación del profesorado de ciencias y buenas prácticas: el lugar de la innovación y la investigación didáctica" en Cañal, P. (coord.). Biología y Geología. Complementos de formación disciplinar. Barcelona, Graó.</p>
<p>Complementary</p>	<p>Recursos web: www. adeps.org/ (Asociación de Educación para la salud) www. aeped.es/ (Asociación española de pediatría) www.who.int/es/ (Organización mundial de la salud) educacionparalasalud.com/</p>

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e se é posible, non utilizar plásticos, escoller a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.